


 Vicente Araguas



ALICIA EN GALICIA

Veño de ler esta entrega de Olalla Cociña, "Libro de Alicia" (Edicións Espiral Maior, A Coruña, 2008), VIII Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, entre a paixón distanciada e o arrebatado. O primeiro porque Olalla Cociña é quen de peneirar (a través dunha peneira pudorosa) canto escribe ou poetiza, o segundo porque, francamente, diante dela non é doado sucumbir á tentación do precipicio sentimental, o que presta moito en tempos de poetas fríos como pedriñas de xelo nun "whisky on the rocks". E xa saben o que dicía o outro, que cando bebo whisky, bebo whisky, mais cando bebo auga, bebo auga.

Así as cousas, eu quería salientar o papel dos tan abondosos premios poéticos galegos, basicamente con orzamentos municipais. Así o Fiz Vergara Vilariño, patrocinado polo Concello de Sarria. E compren unha función benéfica porque a) os cartiños para os poetas sempre están ben e b) que che editen poesía, en condicións, non é choio doado, e esta caste de galardóns adoitan favorecer o trámite. Se ademais, e isto é unha estimación xa moi persoal, o premio (como no caso) recae nunha poeta considerable, será cousa de loar como se merecen semellantes iniciativas.

A todo isto, aínda non dixen, que Olalla Cociña é viveirense (de 1979), licenciada en Xornalismo e autora, de momento, de tres libros de poemas, incluíndo este de moi chamativa portada (devida a Mala Müller) consistente nunha fotografía, en branco e negro, dun aramio de espiños. O que dalgunha maneira ten que ver co contido do volume, dorido e espiñento, enguedellado desde o proceso vital que percorre esta Alicia (con ma-

"O contido do volume,
dorido e espiñento,
enguedellado desde o
proceso vital que
percorre esta Alicia"



neiras de Galicia, e non de "Wonderland", menos de "Wonderbra") que se abre de corazón no primeiro poema da secuencia para seguir navegando

"Libro de Alicia"

Olalla Cociña

Espiral Maior / 12 euros

polo libro, tan aberto como "o amor ao mar", esvarando na bañeira "que estreou ao cumprir os cincuenta anos de idade". Porque, cando, como e onde, "Alicia é un lenzo sen pintar, mollado". Eis algúns dos apuntes, do natural, que

fun tomando da miña lectura de Alicia, tan enraizada na poética de Olalla Cociña como morrer no intento.

Olalla Cociña, poeta rompedora que se inscribe na liña arrebatada de xente como Ana Romaní ou Maite Dono, por falar de dúas forzas mareiras que bulen. Poesía en movemento como esta Alicia (en Galicia) que ten as raíces en Olalla Cociña, e ela as súas sombras (ónicas) nela. Nutríndose dun-

nas poéticas que ven mirar a herba, con reflexións de fonduras e diálogos abertos (aínda que a trama estea aquí pechada nos armarios).

Quer no formato longo, quer no pequeno, Olalla Cociña fai dos seus poemas caixas chinesas, que fan por abeirar no seu interior outras formas, e máis formas aínda. Poemas como bonecas rusas, das que pode saír tanta beleza: “matriusca última,/ Alicia baleirouse de vida/ para encherse de baleiro,/ nin sequera era aire,/ e foise deixando ir/ deshabitada e oca/ ausente de si mesma”. Por exemplo.

